

A natureza interior que me posúe

Díxenlle: 'dende a A – 54 vense as montañas da miña terra'. E respondeume: “-
¿Estás segura?”

Entón mirei para el e cunha punzada de ilusión na voz díxenlle:

“Como non vou estar segura se as vexo cada mañá ó levantarme, vinas en agosto rematando o verán da miña vida e ó final dun Nadal estando a piques de comezar todo de novo.

Como non vou estar segura se en cada paseo están alí, vin amencer por elas e vinas cubrirse de néboa á tardiña no verán. Acompañáronme en cada foto e en cada canción. Vin como se secaban en 2016 e vin como se cubrían de neve pouco despois. E andei por elas cando me faltaban forzas para dicir que non.

Recoñeceríaas en mil fotos en mil circunstancias.”

Quedouse mirando cara a min e con voz doce respondeume “-¿E recoñeceríalas no luscofusco?”

E rinme como se me preguntara algo que se responde só.

“- É alí onde vivo: entre o lusco e o fusco. Sempre a medias entre a luz e a escuridade, entre dous antónimos que me fan vivir sempre a metade, nunha montaña rusa que me desborda en emocións.

Por iso sempre as recoñecería: son a miña Estrela Polar, o que me indica o norte. Cara onde teño que volver sempre.

E non sei se algún día deixarei de estar entre a luz e a sombra, pero quizais é por iso que sempre saio pasear á noite, por iso a inspiración me vén cando acaba o día, por iso na hora máxica é onde máis me brilla a pel. Porque nin son luz nin son sombra, son ese lugar a metade, ese último momento que se acaba tan pronto.

Vivo entre o lusco e o fusco e por iso son a última sempre: a última en saír da casa, a última en chegar os sitios, a última en rirse, a última en namorarse. Son eu o luscofusco, son eu a última luz e a primeira sombra. Da que nunca ninguén se da conta porque xa pasou o atardecer.

A natureza interior que me posúe

E nin tan sequera ti me poderás sacar de aí. Aínda que me fagas sentir un xermolo verde na primavera.”